

Por José A. Uris Guisantes

Antes de pasar a presentación do libro de Juan Galán permítide que faga un inciso sobre o republicano camposino Ángel Gómez Cortés relacionado ca fuxida a Francia cando caeu o Fronte Norte de guerra en outubro de 1937.

Ángel neses anos traballaba en Xixón, unha vez estala a rebelión militar se sumou os defensores da República no Batallón Asturias Nº 212 combatendo en Asturias e Vizcaya.

En outubro, xunto a centos de combatentes fuxe a Francia sendo internado no Campo de Concentración de “Les Alliers” (Angulema) en condicións terceiro mundistas

O 20 de agosto de 1940 a Gestapo (policía secreta nazi) meteu os 927 españois do Campo de “Les Alliers” no tren chamado “El convoy de los 927” e internados catro días mais tarde no Campo de Exterminio Mauthausen-Gusen, onde estiveron 7.500 españois “...referiu algún preso “...entraban por la puerta y salían por la chimenea”. Foron 4.427 españois perderían a vida ó igual que habían perdido a guerra.

Ángel en Mauthausen tiña o nº 3.903, non estando en condicións físicas de traballo escravo foi trasladado a Gusen co nº 9.288, onde finou o 14 de xaneiro de 1942, o corpo queimado de inmediato.

En 2008 por iniciativa da “Asociación de Familias Españolas Emigrantes en Francia” se inaugurou un monumento en Angulema ca seguinte inscrición:

*“...El 20 de agosto de 1940, el primeiro tren de la deportación de la segunda guerra mundial partiu de esta estación de Angulema a el campo de exterminio de Mauthausen con 927 republicanos españois. La maioría serán exterminados...”*

O libro de investigación que presento leva o título de “Rotspanier. Un miliciano galego no exilio francés (1939-1945”, publicado pola Editorial Galaxia- Colección “Memoria”

Seu autor é Juan Manuel Galán Suárez, nado na Coruña en 1961, profesor de inglés exerceu na Escola de Idiomas de Ferrol, como escritor publicou obras de ficción como, “Romanza de los naranjos en flor” (2021), “El eco de su voz” (2022) e “Las tribulaciones de Bruno Lamas” (2023).

Investigador sobre a Memoria Republicana de Galicia. Vogal da xunta directiva da “Asociación de Memoria Histórica Democrática de Ferrolterra”, colabora en diversas revistas e no “Diario de Ferrol” con unha sección dedicada a Memoria Histórica Democrática.

Grazas Juan por contar con nos. Indicar que este libro e o primeiro traballo de investigación histórica.

Foi presentado en, Ares, Coruña, Ferrol, Mugardos, Naron, Neda, Ourense, Pontedeume, Rianxo, Santiago de Compostela e preto de nós Ponteareas, Salvaterra e Tui.

Juan Galán rescata do silencio a historia dos “roxos españois” ou “escravos españois”, término despectivo utilizado polos nazis.

Unha vez a república perde Cataluña en febreiro de 1939 comeza a “Grand Retirada” medio millón combatentes, mulleres e menos se refuxiarán en Francia, pero en lugar de ser axudados foron metidos en campos de concentración en condicións “inhumanas”.

En praias mediterráneas e outros campos de internamento no Sur de Francia. Outros miles serían deportados a campos de concentración como traballadores forzosos, construíndo fortificacións, búnkeres, bases para submarinos en Burdeos e Brest, no Muro Atlántico (1940/1941) desde Hendaya ó Cabo Norte de Noruega, en condicións inhumanas, facendo estradas, traballando no campo e en industrias diversas. Traballos dirixidos pola Organización Paramilitar Todt.

Unha gran parte dos mesmos acabaron en Campos de Exterminio nazis (1940/1943), perdendo a vida mais de 2000 compatriotas.

En honor a súa memoria mais de 60.000 españois se sumaron a Resistencia francesa contra os nazis.

O Tribunal Superior de Colonia (Alemania) desde 1969 sentou precedente, investigando as condicións de vida e traballo dos republicanos españois nos campos da Organización Todt, como nos

campos de concentración de Alemania. As vítimas debían de ser indemnizadas con 150 marcos mensuais e os que tiveran secuelas físicas e grado de invalidez, unha pensión vitalicia. O mais triste e que somente puideron cobrar 435 ex traballadores forzosos.

En España por haberse acordado un Pacto de Silencio na Transición (1975/1978) sobre variadas desgracias patrias da recente historia a Reivindicación da Memoria dos exiliados a traballos forzoso foi Silenciada e non se levou a cabo. (Antonio Muñoz Sánchez investigador do Instituto de Ciencias Sociais da Universidade de Lisboa.2024)

Juan Galán trata sobre Joaquín Fernández Millán, mariñeiro galego nado en Pobra do Caramiñal, home que loitou activamente durante a guerra no bando republicano e do que nos falará de seguido.

Joaquín ferido por metralla en outubro de 1936, acabou refuxiándose en Olot (Girona) no verán de 1937. Durante a “Gran Retirada”, quedou afastado da súa familia, estivo recluído en diversos campos de concentración franceses. Tras a liberación de París marchou a Estrasburgo para regresar despois a capital francesa onde viviu até o seu falecemento en 1982.